

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 21 DE NOVEMBRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:15 horas do día 21 de novembro de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 18 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez, suplente

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. Mar Soto García, vogal suplente da xefa do Servizo de Igualdade, asiste ao punto 3a)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, vogal xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 5b e 6c)
D^a. Carla Candia Paz, xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local (asiste ao punto 2c)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto mixto para a contratación de servizos e subministros dun sistema de xestión de rutas, puntos de interese e exposicións interactivas, mediante o uso de Beacons e a súa integración coa APP Vigo municipal e a plataforma Smart City VCI+2.0 (8.886-113) (emenda documentación persoal)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 14 de novembro de 2019, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A. para que puidese emendar a documentación persoal. O licitador presentou a documentación no prazo concedido. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A. por ter emendado correctamente a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 03:05	Páxina 1 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A24A-C92F39-81A6E6-U62EJR-SAJ1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación de infraestrutura para o centro de proceso de datos municipal (CPD) (8.921-113) (emenda documentación persoal)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 14 de novembro de 2019, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a a CIE TECNOLOGÍAS, S.L. para que puidese emendar a documentación persoal. O licitador presentou a documentación no prazo concedido. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a CIE TECNOLOGÍAS, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa “Vigo pola inserción laboral” (16.574-77)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A “Documentación persoal”, tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. CENTRO DE INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L.
 2. FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN
 3. CRUZ ROJA ESPAÑOLA
 4. CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L.
 5. GRUPO AVANTFOR, S.L.U.
 6. MÉTODO ESTUDIO CONSULTORES, S.L.U.
 7. G-12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.
 8. MOBA SKILL TRAINING, S.L.
 9. UTE BEPROJECT CONSULTORÍA DE FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. e IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO SL.
 10. ESTUDIOS MEGA, S.L.
- b) Outorgar un prazo de tres días a UTE ASESORÍA ESTUDIO EMPRENDEDOR, S.L. e YOLANDA MARÍA SANTOS PÉREZ para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 03:05	Páxina 2 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A24A-C92F39-81A6E6-U62EJR-SAJ1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

- En ningún dos dous Documento Europeo Único de Contratación (DEUC) presentados constan os datos dos licitadores (operadores económicos) que concorren a esta licitación (parte II.A do DEUC).
- Ao concorrer en UTE, na parte II.A do DEUC deberán contestar afirmativamente á pregunta “¿Está participando o operador económico no procedemento de contratación xunto con outros?”.
- Deberán cumprimentarse as partes III “Motivos de exclusión” e IV “Criterios de selección” do DEUC. Para os efectos de facilitarlle a cumprimentación da parte IV, indícase que poden declarar ambos requisitos respondendo afirmativamente na Parte IV “Criterios de selección”/a: Indicación global relativa a todos os criterios de selección.
- O anexo II ao PCAP “Compromiso de constitución de UTE” debidamente asinado deberá presentarse por cada un dos licitadores presentados (cláusula 8.4.5º.7 do PCAP).
- Deberá presentarse o Anexo VII ao PCAP “Grupo de empresas” referido a YOLANDA MARÍA SANTOS PÉREZ.
- Por último, lémbrese que na parte II.B “Información sobre os representantes do operador económico” do DEUC deberán figurar os datos da persoa ou persoas habilitadas para representar a cada un dos operadores económicos nesta licitación (persoas con poder de representación, que serán as que deben asinar o documento).

3.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo do programa de educación familiar da rede municipal de vivendas de protección a vítimas de violencia de xénero (9.563-224) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 14 de novembro de 2019, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a FUNDACIÓN ALDABA para que puidese emendar a documentación persoal. O licitador presentou a documentación no prazo concedido. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a FUNDACIÓN ALDABA por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- Solicitar informe ao servizo xestor sobre a documentación técnica aberta na sesión do 14 de novembro de 2019.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto mixto para a contratación de servizos e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 03:05	Páxina 3 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A24A-C92F39-81A6E6-U62EJR-SAJAJ1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

subministros dun sistema de xestión de rutas, puntos de interese e exposicións interactivas, mediante o uso de Beacons e a súa integración coa APP Vigo municipal e a plataforma Smart City VCI+2.0 (8.886-113)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos.

Tanto TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A. como HOP UBIQUITOUS, S.L. presentan a súa proposición nun único arquivo de menos de 50 páxinas (48 páxinas o primeiro e 49 páxinas o segundo).

VODAFONE ESPAÑA, S.A. presenta un único arquivo que contén o Documento Europeo Único de Contratación en lugar da proposición avaliable mediante xuízo de valor.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

1. Excluir a VODAFONE ESPAÑA, S.A. polo motivo recollido na cláusula 14.2B do PCAP “A falta de presentación dos documentos esixidos no apartado 6.A da FEC”.
2. Solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa “Vigo pola inserción laboral” (16.574-77)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2c conceder un prazo a un dos licitadores para que poida emendar a documentación persoal.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (102.724-140)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo interventor xeral o 13 de novembro de 2019 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo para desenvolvemento da actualización do rexistro municipal do Concello de Vigo (8.862-113)

Retírase o asunto da orde do día a pedimento do xefe do servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 03:05	Páxina 4 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A24A-C92F39-81A6E6-U62EJR-SAJ1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



c) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a actualización das aplicacións informáticas para a xestión do imposto de actividades económicas e do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (8.816-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado pola adxunta ao xefe do Servizo de Administración Electrónica o 15 de novembro de 2019 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación de infraestrutura para o centro de proceso de datos municipal (CPD) (8.921-113)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

CODETEL INGENIEROS, S.L.

3.- Propón como prezo total do contrato o de 267.141,38 euros.

4.- Comprométese a dotar o CPD coas seguintes características:

4.1 Ampliación do cubo:

4.1.1 Racks S7 e S8 (só racks sen elementos internos): si

4.1.2 Racks S7 e S8: engado de elementos: PDUs: si

4.1.3 Racks S7 e S8: conexión de fibra e cobre cos racks A e B: si

4.1.4 Substitución de PDU básicas por PDU switched con xestión e medición remota nos S1 a S6: si

4.2 Electricidade:

2.2.1 Subministro de SAIS de 60 KVA (completos): si

2.2.2 Incrementa o tempo de duración das baterías sobre o solicitado (30 minutos) en 0 minutos

4.3 Conexión de tomas (cámara, control accesos, SAIS, puesto operadores ...) a partir RACK A01 (sala comunicacións, xa existente): si

4.4 Contra Incendios:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 03:05	Páxina 5 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A24A-C92F39-81A6E6-U62EJR-SAJ1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4.4.1 Subministro de panel de control de incendios do cuarto técnico, conexionado dos elementos da preinstalación e posta en marcha: si

4.4.2 Subministro de panel de control de incendios do cuarto de comunicacións, conexionado dos elementos da preinstalación e posta en marcha: si

4.4.3 Subministro de botella de GAS para cuarto técnico: si

2.4.4 Subministro de botella de GAS para cuarto de comunicacións: si

4.5 Control de Accesos:

2.5.1 Subministro das Unidades de Control e lectores de cartóns para o punto de acceso 1 (PUNTO 1): si

2.5.2 Subministro e instalación de 2 cámara de seguridade IP nos distribuidores dos puntos de acceso 1 e 2 (PUNTO 1 e PUNTO2): si

4.6 Mellora do cabreado cobre a categoría 8: si

5. Incrementa o período de garantía e mantemento do CPD (mínimo 12 meses) en 0 meses.

EDNON, S.L.

3.- Propón como prezo total do contrato o de 245.369,29 euros.

4.- Comprométese a dotar o CPD coas seguintes características:

4.1 Ampliación do cubo:

4.1.1 Racks S7 e S8 (só racks sen elementos internos): si

4.1.2 Racks S7 e S8: engado de elementos: PDUs: si

4.1.3 Racks S7 e S8: conexión de fibra e cobre cos racks A e B: non

4.1.4 Substitución de PDU básicas por PDU switched con xestión e medición remota nos S1 a S6: non

4.2 Electricidade:

2.2.1 Subministro de SAIS de 60 KVA (completos): si

2.2.2 Incrementa o tempo de duración das baterías sobre o solicitado (30 minutos) en 15 minutos

4.3 Conexión de tomas (cámara, control accesos, SAIS, puesto operadores ...) a partir RACK A01 (sala comunicacións, xa existente): si



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



4.4 Contra Incendios:

4.4.1 Subministro de panel de control de incendios do cuarto técnico, conxionado dos elementos da preinstalación e posta en marcha: non

4.4.2 Subministro de panel de control de incendios do cuarto de comunicacións, conxionado dos elementos da preinstalación e posta en marcha: non

4.4.3 Subministro de botella de GAS para cuarto técnico: si

2.4.4 Subministro de botella de GAS para cuarto de comunicacións: si

4.5 Control de Accesos:

2.5.1 Subministro das Unidades de Control e lectores de cartóns para o punto de acceso 1 (PUNTO 1): si

2.5.2 Subministro e instalación de 2 cámara de seguridade IP nos distribuidores dos puntos de acceso 1 e 2 (PUNTO 1 e PUNTO2): si

4.6 Mellora do cabreado cobre a categoría 8: non

5. Incrementa o período de garantía e mantemento do CPD (mínimo 12 meses) en 12 meses.

OUTROS ADAXES, S.L.

3.- Propón como prezo total do contrato o de 266.125,22 euros.

4.- Comprométese a dotar o CPD coas seguintes características:

4.1 Ampliación do cubo:

4.1.1 Racks S7 e S8 (só racks sen elementos internos): si

4.1.2 Racks S7 e S8: engado de elementos: PDUs: si

4.1.3 Racks S7 e S8: conexión de fibra e cobre cos racks A e B: si

4.1.4 Substitución de PDU básicas por PDU switched con xestión e medición remota nos S1 a S6: si

4.2 Electricidade:

2.2.1 Subministro de SAIS de 60 KVA (completos): si

2.2.2 Incrementa o tempo de duración das baterías sobre o solicitado (30 minutos) en 0 minutos

4.3 Conexión de tomas (cámara, control accesos, SAIS, puesto operadores ...) a partir RACK A01 (sala comunicacións, xa existente): si



4.4 Contra Incendios:

4.4.1 Subministro de panel de control de incendios do cuarto técnico, conexionado dos elementos da preinstalación e posta en marcha: si

4.4.2 Subministro de panel de control de incendios do cuarto de comunicacións, conexionado dos elementos da preinstalación e posta en marcha: si

4.4.3 Subministro de botella de GAS para cuarto técnico: si

2.4.4 Subministro de botella de GAS para cuarto de comunicacións: si

4.5 Control de Accesos:

2.5.1 Subministro das Unidades de Control e lectores de cartóns para o punto de acceso 1 (PUNTO 1): si

2.5.2 Subministro e instalación de 2 cámara de seguridade IP nos distribuidores dos puntos de acceso 1 e 2 (PUNTO 1 e PUNTO2): si

4.6 Mellora do cabreado cobre a categoría 8: non

5. Incrementa o período de garantía e mantemento do CPD (mínimo 12 meses) en 0 meses.

CIE TECNOLOGÍAS, S.L.

3.- Propón como prezo total do contrato o de 241.866,90 euros.

4.- Comprométese a dotar o CPD coas seguintes características:

4.1 Ampliación do cubo:

4.1.1 Racks S7 e S8 (só racks sen elementos internos): si

4.1.2 Racks S7 e S8: engado de elementos: PDUs: si

4.1.3 Racks S7 e S8: conexión de fibra e cobre cos racks A e B: non

4.1.4 Substitución de PDU básicas por PDU switched con xestión e medición remota nos S1 a S6: si

4.2 Electricidade:

2.2.1 Subministro de SAIS de 60 KVA (completos): si

2.2.2 Incrementa o tempo de duración das baterías sobre o solicitado (30 minutos) en 28,9 minutos

4.3 Conexión de tomas (cámara, control accesos, SAIS, puesto operadores ...) a partir RACK A01 (sala comunicaciones, xa existente): si



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 03:05	Páxina 8 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A24A-C92F39-81A6E6-U62EJR-SAJ1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



4.4 Contra Incendios:

4.4.1 Subministro de panel de control de incendios do cuarto técnico, conxionado dos elementos da preinstalación e posta en marcha: si

4.4.2 Subministro de panel de control de incendios do cuarto de comunicacións, conxionado dos elementos da preinstalación e posta en marcha: si

4.4.3 Subministro de botella de GAS para cuarto técnico: si

2.4.4 Subministro de botella de GAS para cuarto de comunicacións: si

4.5 Control de Accesos:

2.5.1 Subministro das Unidades de Control e lectores de cartóns para o punto de acceso 1 (PUNTO 1): si

2.5.2 Subministro e instalación de 2 cámara de seguridade IP nos distribuidores dos puntos de acceso 1 e 2 (PUNTO 1 e PUNTO2): si

4.6 Mellora do cabreado cobre a categoría 8: si

5. Incrementa o período de garantía e mantemento do CPD (mínimo 12 meses) en 17 meses.

ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L.

3.- Propón como prezo total do contrato o de 240.172,90 euros.

4.- Comprométese a dotar o CPD coas seguintes características:

4.1 Ampliación do cubo:

4.1.1 Racks S7 e S8 (só racks sen elementos internos): si

4.1.2 Racks S7 e S8: engado de elementos: PDUs: si

4.1.3 Racks S7 e S8: conexión de fibra e cobre cos racks A e B: si

4.1.4 Substitución de PDU básicas por PDU switched con xestión e medición remota nos S1 a S6: si

4.2 Electricidade:

2.2.1 Subministro de SAIS de 60 KVA (completos): si

2.2.2 Incrementa o tempo de duración das baterías sobre o solicitado (30 minutos) en 17 minutos

4.3 Conexión de tomas (cámara, control accesos, SAIS, puesto operadores ...) a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 03:05	Páxina 9 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A24A-C92F39-81A6E6-U62EJR-SAJ1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

partir RACK A01 (sala comunicaciones, xa existente): si

4.4 Contra Incendios:

4.4.1 Subministro de panel de control de incendios do cuarto técnico, conxionado dos elementos da preinstalación e posta en marcha: si

4.4.2 Subministro de panel de control de incendios do cuarto de comunicacións, conxionado dos elementos da preinstalación e posta en marcha: si

4.4.3 Subministro de botella de GAS para cuarto técnico: si

2.4.4 Subministro de botella de GAS para cuarto de comunicacións: si

4.5 Control de Accesos:

2.5.1 Subministro das Unidades de Control e lectores de cartóns para o punto de acceso 1 (PUNTO 1): si

2.5.2 Subministro e instalación de 2 cámara de seguridade IP nos distribuidores dos puntos de acceso 1 e 2 (PUNTO 1 e PUNTO2): si

4.6 Mellora do cabreado cobre a categoría 8: si

5. Incrementa o período de garantía e mantemento do CPD (mínimo 12 meses) en 38 meses.

ECONOCOM SERVICIOS, S.A.

3.- Propón como prezo total do contrato o de 256.712,44 euros.

4.- Comprométese a dotar o CPD coas seguintes características:

4.1 Ampliación do cubo:

4.1.1 Racks S7 e S8 (só racks sen elementos internos): si

4.1.2 Racks S7 e S8: engado de elementos: PDUs: si

4.1.3 Racks S7 e S8: conexión de fibra e cobre cos racks A e B: si

4.1.4 Substitución de PDU básicas por PDU switched con xestión e medición remota nos S1 a S6: si

4.2 Electricidade:

2.2.1 Subministro de SAIS de 60 KVA (completos): si

2.2.2 Incrementa o tempo de duración das baterías sobre o solicitado (30 minutos) en 8 minutos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 03:05	Páxina 10 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A24A-C92F39-81A6E6-U62EJR-SAJ1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



4.3 Conexión de tomas (cámara, control accesos, SAIS, puesto operadores ...) a partir RACK A01 (sala comunicaciones, xa existente): si

4.4 Contra Incendios:

4.4.1 Subministro de panel de control de incendios do cuarto técnico, conxionado dos elementos da preinstalación e posta en marcha: si

4.4.2 Subministro de panel de control de incendios do cuarto de comunicacións, conxionado dos elementos da preinstalación e posta en marcha: si

4.4.3 Subministro de botella de GAS para cuarto técnico: si

2.4.4 Subministro de botella de GAS para cuarto de comunicacións: si

4.5 Control de Accesos:

2.5.1 Subministro das Unidades de Control e lectores de cartóns para o punto de acceso 1 (PUNTO 1): non

2.5.2 Subministro e instalación de 2 cámara de seguridade IP nos distribuidores dos puntos de acceso 1 e 2 (PUNTO 1 e PUNTO2): non

4.6 Mellora do cabreado cobre a categoría 8: non

5. Incrementa o período de garantía e mantemento do CPD (mínimo 12 meses) en 0 meses.

COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS, S.A.

3.- Propón como prezo total do contrato o de 261.665,66 euros.

4.- Comprométese a dotar o CPD coas seguintes características:

4.1 Ampliación do cubo:

4.1.1 Racks S7 e S8 (só racks sen elementos internos): si

4.1.2 Racks S7 e S8: engado de elementos: PDUs: si

4.1.3 Racks S7 e S8: conexión de fibra e cobre cos racks A e B: non

4.1.4 Substitución de PDU básicas por PDU switched con xestión e medición remota nos S1 a S6: si

4.2 Electricidade:

2.2.1 Subministro de SAIS de 60 KVA (completos): si

2.2.2 Incrementa o tempo de duración das baterías sobre o solicitado (30 minutos) en 30 minutos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 03:05	Páxina 11 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A24A-C92F39-81A6E6-U62EJR-SAJ1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4.3 Conexión de tomas (cámara, control accesos, SAIS, puesto operadores ...) a partir RACK A01 (sala comunicaciones, xa existente): si

4.4 Contra Incendios:

4.4.1 Subministro de panel de control de incendios do cuarto técnico, conxionado dos elementos da preinstalación e posta en marcha: si

4.4.2 Subministro de panel de control de incendios do cuarto de comunicacións, conxionado dos elementos da preinstalación e posta en marcha: si

4.4.3 Subministro de botella de GAS para cuarto técnico: non

2.4.4 Subministro de botella de GAS para cuarto de comunicacións: non

4.5 Control de Accesos:

2.5.1 Subministro das Unidades de Control e lectores de cartóns para o punto de acceso 1 (PUNTO 1): si

2.5.2 Subministro e instalación de 2 cámara de seguridade IP nos distribuidores dos puntos de acceso 1 e 2 (PUNTO 1 e PUNTO2): si

4.6 Mellora do cabreado cobre a categoría 8: non

5. Incrementa o período de garantía e mantemento do CPD (mínimo 12 meses) en 24 meses.

Asisten á apertura: D. Antonio Gómez-Iglesias Rubio, don DNI **.67.38*, en representación de EDNON, S.L.; D. José Montes Martínez, con DNI **.11.35*, en representación de ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L.; e D. Óscar Vigo Devesa, con DNI **.78.90*, en representación de CIE TECNOLOGÍAS, S.L. As actas de asistencia asinadas figuran no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (102.724-140)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 03:05	Páxina 12 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A24A-C92F39-81A6E6-U62EJR-SAJ1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Lotes	Redución do prezo	Formación específica
1	BM NEIRA AUDITORES, S.L.P.	Lote 2: control financeiro de subvencións	10.164,00	269 horas
		Lote 3: auditoría fundacións	11.374,00	232 horas

O licitador non presenta o orzamento detallado esixido no apartado 6B do Anexo I -FEC-do PCAP, polo que a Mesa acorda, por unanimidade, concederlle un prazo de tres días para que poida presentar esta documentación.

Non asiste público á apertura.

Atendendo ao criterio recollido no apartado 7D do Anexo I -FEC- do PCAP, as ofertas presentadas polo licitador para os lotes 2 e 3 non están incursas en presunción de anormalidade.

Á vista do anterior e tendo en conta o previsto na cláusula 16.3 do PCAP "As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas anormalmente baixas de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula" a Mesa acorda outorgar a máxima puntuación segundo o apartado 7B do citado Anexo I do PCAP:

	Licitador	Lotes	Redución do prezo	Formación específica
1	BM NEIRA AUDITORES, S.L.P.	Lote 2: control financeiro de subvencións	40 puntos	20 puntos
		Lote 3: auditoría fundacións	40 puntos	20 puntos

A puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Lotes	Criterios de xuízo de valor	Criterios de fórmula	Puntuación total
1	BM NEIRA AUDITORES, S.L.P.	Lote 2: control financeiro de subvencións	28 puntos	60 puntos	88 puntos
		Lote 3: auditoría fundacións	30 puntos	60 puntos	90 puntos

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 2 "Control financeiro de subvencións" e 3 "Auditoría fundacións" do procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (102.724-140) na seguinte orde descendente:



- Lote 2 “Control financeiro de subvencións”:

	Licitador	Puntuación total
1	BM NEIRA AUDITORES, S.L.P.	88 puntos

- Lote 3 “Auditoría fundacións”:

	Licitador	Puntuación total
1	BM NEIRA AUDITORES, S.L.P.	90 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, BM NEIRA AUDITORES, S.L.P. con CIF B-32.468.647, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditarse a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo para desenvolvemento da actualización do rexistro municipal do Concello de Vigo (8.862-113)

Retírase o asunto da orde do día a pedimento do xefe do servizo xestor.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a actualización das aplicacións informáticas para a xestión do imposto de actividades económicas e do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (8.816-113)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” do licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Bolsa de horas adicionais	Incremento do prazo de garantía
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	76.472 euros	35 horas	2 anos

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

Á vista do anterior e tendo en conta o previsto na cláusula 16.3 do PCAP “As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas anormalmente baixas de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 03:05	Páxina 14 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A24A-C92F39-81A6E6-U62EJR-SAJAJ1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



necesidade de aplicar a fórmula" a Mesa acorda outorgar a máxima puntuación segundo o apartado 7B do citado Anexo I do PCAP:

	Licitador	Redución do prezo	Bolsa de horas adicionais	Incremento do prazo de garantía	Total
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	30 puntos	14 puntos	6 puntos	50 puntos

A puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	50 puntos	50 puntos	100 puntos

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo para a actualización das aplicacións informáticas para a xestión do imposto de actividades económicas e do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (8.816-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMATIA INNOVATION, S.L. con CIF B-36.499.960, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos



a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ao Concello de Vigo e aos seus organismos autónomos (6.342-241)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 20 de novembro de 2019 de valoración do sobre B “*proposición económica*” coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ao Concello de Vigo e aos seus organismos autónomos (6.342-241)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ao Concello de Vigo e aos seus organismos autónomos (6.342-241) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	BORRÁS-VÁZQUEZ-CAMESELLE-ARTAI CORREDURÍA	98,00
2	AON GIL Y CARVAJAL, S.A.	64,20

Segundo.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, BORRÁS-VÁZQUEZ-CAMESELLE-ARTAI CORREDURÍA con CIF A-36.768.257, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 7 e 20.2 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do sistema de alarma antirrobo con videovixilancia nos centros de emprego (16.564-77)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 03:05	Páxina 16 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A24A-C92F39-81A6E6-U62EJR-SAJAJ1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do sistema de alarma antirrobo con videovixilancia nos centros de emprego (16.564-77)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 3 de outubro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

1º Aprobar o expediente de contratación (16564/77) por procedemento aberto simplificado de tramitación ordinaria do "SISTEMA DE ALARMA ANTIRROUBO CON VIDEOVIXILANCIA NOS CENTROS DE EMPREGO".

2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 20 de setembro de 2019 e o prego de cláusulas administrativas de 20 de setembro de 2019, que rexerán a contratación do "SISTEMA DE ALARMA ANTIRROUBO CON VIDEOVIXILANCIA NOS CENTROS DE EMPREGO".

3º.- Aprobar o gasto de 4.390,84 € , para a contratación do sistema de alarma antirrobo con videovixilancia, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 22779900 (PRESTACIÓN DE SERVICIOS TÉCNICOS (P.EMPREGO), do orzamento do Concello de Vigo distribuídos do xeito seguinte:

- 548,85 € correspondentes aos meses de outubro a decembro de 2019
- 2.195,42 € correspondentes aos meses de xaneiro a decembro de 2020
- 1.646,56 € correspondentes aos meses de xaneiro a setembro de 2021

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida".

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 11 de novembro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Excluir a SEGURSYSTEM EUROPA, S.L. por exceder a súa oferta o orzamento base de licitación (motivo e exclusión previsto no artigo 84 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e na cláusula 14.2B do prego de cláusulas administrativas particulares).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 03:05	Páxina 17 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A24A-C92F39-81A6E6-U62EJR-SAJAJ1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do sistema de alarma antirrobo con videovixilancia nos centros de emprego (16.564-77) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	ALCOR SEGURIDAD, S.L.	94 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALCOR SEGURIDAD, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia:

- Acreditación da constitución garantía definitiva.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo V.
- Acreditación da solvencia económica e técnica e da habilitación profesional esixidas no apartado 5 do Anexo I -FEC-.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo VI”.

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALCOR SEGURIDAD, S.L., o día 12 de novembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 18 de novembro de 2019, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de novembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ALCOR SEGURIDAD, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 03:05	Páxina 18 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A24A-C92F39-81A6E6-U62EJR-SAJ1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ALCOR SEGURIDAD, S.L., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo valor de data 5 de novembro de 2019 e co acordo da Mesa de Contratación, de data 11 de novembro, polo que se outorga a este licitador a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ALCOR SEGURIDAD, S.L. con CIF B-27.382.175 o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do sistema de alarma antirrobo con videovixilancia nos centros de emprego (16.564-77) por un prezo total de 3.872,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 672,00 euros e coas seguintes condicións:

1.- *Propón a instalación e mantemento dos seguintes sistemas de gravación:*

- *6 módulos antisabotaxe*
- *8 detectores volumétricos*
- *Incrementa o número de cámaras de videovixilancia sobre o mínimo esixido no PPT (5 cámaras) en 7 cámaras*
- *Unha plataforma de xestión de videovixilancia remota:*
 - *Con acceso desde móbil á plataforma*
 - *Con xestión de cámaras remota*

2.- *Propón un tempo de resposta ante avarías de 2 horas e 59 minutos.*

3.- *Propón unha periodicidade trimestral nas revisións e control de todos os medios de seguridade.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-Pazo de Congressos (23.062-332) (resolución nº 247/2019 do TACGAL)

Dáse conta da resolución nº 247/2019 do Tribunal Administrativo Central de Recursos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 03:05	Páxina 19 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A24A-C92F39-81A6E6-U62EJR-SAJ1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Contractuales pola que se desestima o recurso nº 273/2019 interposto por SERVICIOS SECURITAS, S.A. contra a adxudicación deste contrato. Comunícase que a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 15 de novembro de 2019.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 03:05	Páxina 20 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A24A-C92F39-81A6E6-U62EJR-SAJ1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		